



Concello  
de Nigrán

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (IVTM)**



2.—O Concello agrupará nun único documento de cobro todas as cuotas deste imposto relativas a un mesmo suxeito pasivo cando se trate de bens rústicos sitos no termo municipal.

3.—O imposto xestiónase a partir da información contida no padrón catastral e nos demais documentos expresivos das súas variacións elaborados ó efecto pola Dirección Xeral do Catastro, sen prexuízo da competencia do Concello para a calificación de inmobles de uso residencial desocupados. Dito padrón conterá a información relativa aos bens inmobles, separadamente para cada clase e será remitido ao Concello antes do 1 de marzo de cada ano.

4.—Os datos contidos no padrón catastral e nos demais documentos citados no parágrafo anterior deberán figurar nas listas cobratorias, documentos de ingreso e xustificantes de pagamento do imposto sobre bens inmobles.

5.—Nos supostos nos que resulte acreditada, con posterioridade á emisión dos documentos a que se refire o parágrafo anterior, a non coincidencia do suxeito pasivo co titular catastral, as rectificacións que respecto a aquél poida acordar o Concello de Nigrán a efectos da liquidación do imposto devengado polo correspondente exercicio, serán comunicadas á Dirección Xeral do Catastro na forma prevista no convenio de colaboración de 20 de decembro de 2001.

6.—As alteracións relativas aos bens inmobles susceptibles de inscrición catastral que teñan trascendencia a efectos deste imposto determinarán a obriga dos suxeitos pasivos de formalizar as declaracíons conducentes á súa inscrición no catastro inmobiliario, conforme o establecido nas súas normas reguladoras.

### **ARTIGO 11. INFRACCIONES E SANCIÓNS.**

En todo o relativo a infraccións tributarias e ás súas cualificacións, así como ás sancións que correspondan, estarase ao disposto na ordenanza fiscal xeral, na Lei xeral tributaria, na Lei 1/98 de dereitos e garantías dos contribuíntes e restante normativa de aplicación.

### *Disposicións finais.*

1.—No non previsto na presente ordenanza serán de aplicación as disposicións contidas na ordenanza fiscal xeral do Concello e restante lexislación tributaria aplicable

2.—Esta ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comenzará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2012 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (IVTM).**

### **ARTIGO 1.—NATUREZA E FUNDAMENTO.**

O imposto sobre vehículos de tracción mecánica é un tributo municipal, directo e obligatorio regulado nos artigos 92 a 99 do Real Decreto Lei 2/2004 do 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (LRFL).

### **ARTIGO 2.—FEITO IMPOÑIBLE.**

1.—Constitúe feito imponible deste imposto a titularidade de vehículos de tracción mecánica, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexa a súa clase e categoría.

2.—Considérase vehículo apto para a súa circulación o que estivese matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentres non tivese causado baixa nos mesmos. Para os efectos deste imposto tamén se considerarán aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.



3.—Non están suxeitos a este imposto:

- a) Os vehículos que tendo sido dados de baixa nos rexistros por antigüidade do seu modelo, poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certames ou carreiras limitadas aos desa natureza.
- b) Os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica nos que a carga útil non sexa superior a 750 Kg.

### *ARTIGO 3.—SUXEITO PASIVO.*

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria, a nome de quen figure o vehículo no permiso de circulación.

### *ARTIGO 4.—EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.*

1.—Estarán exentos do imposto:

1.1 Os vehículos oficiais do Estado, comunidades autónomas e entidades locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.

1.2 Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grado.

Así mesmo, os vehículos dos organismos internacionais con sede ou oficina en España e os dos seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático.

1.3 Os vehículos respecto dos que así se derive do disposto en tratados ou convenios internacionais.

1.4 As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria ou ao traslado de feridos ou doentes.

1.5 Os vehículos para persoas de mobilidade reducida, entendendo por tales os vehículos cunha tara non superior a 350 Kg., e que, pola súa construción, non poida alcanzar en chan unha velocidade superior a 45 Km/h, proxectado e construído especialmente (e non simplemente adaptado) para o uso de persoas con algúna disfunción ou incapacidade física. En canto ao resto das súas características técnicas, equipararanse aos ciclomotores de tres rodas.

Así mesmo, están exentos os vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo, aplicándose a exención, en tanto se manteñan ditas circunstancias, tanto aos vehículos conducidos por persoas con discapacidade como aos destinados ao seu transporte. Presúmese que o vehículo é conducido por persoa con discapacidade cando esta última conste como condutor habitual na póliza do seguro do vehículo.

As exencións previstas nos dous parágrafos anteriores non resultarán aplicables aos suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por máis de un vehículo simultaneamente.

A efectos do disposto neste epígrafe, terá a consideración de persoa con minusvalía quen teña esta condición legal en grao igual ou superior ao 33 %:

1.6 Os autobuses, microbuses e demais vehículos destinados ou adscritos ao transporte público urbano, sempre que teñan unha capacidade que exceda de nove prazas, incluída a do condutor.

1.7 Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos da cartilla de inspección agrícola.

2.—Gozarán dunha bonificación do 100 % da cuota do imposto:

2.1 Os vehículos con antigüidade mínima de 25 anos contados a partir da data de fabricación. Se esta non se coñecera, tomarase como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variante deixara de fabricarse.



Nos casos en que a documentación oficial do vehículo ofreza dúbidas sobre a data de primeira matriculación e/ou fabricación, a data de fabricación deberá acreditarse con certificado expedido pola firma fabricante.

### 2.2 Os vehículos catalogados como "históricos" polo organismo competente.

#### *ARTIGO 5.—PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DE BENEFICIOS FISCAIS.*

Os beneficios fiscais establecidos no artigo 4 anterior, aplicaranse de oficio agás os sinalados nos apartados 1.5, 1.7 e 2.2 que terán carácter rogado. Nestes supostos actuarase da seguinte forma:

- a) Para os supostos dos apartados 1.5 e 2.2, os suxeitos pasivos deberán solicitar do Concello a exención ou bonificación correspondente indicando as características do vehículo, matrícula e causa do beneficio, así como o cumprimento das restantes condicións a que se refire o artigo 4 en cada caso. En particular:

Para o outorgamento da exención a vehículos conducidos por persoas con discapacidade, o suxeito pasivo deberá aportar o certificado de minusvalía emitido polo órgano competente, xunto coa copia da póliza do seguro do vehículo onde constará aquel como conductor habitual.

Para o caso de vehículos destinados a transporte de persoas con discapacidade, o suxeito pasivo deberá aportar certificado de minusvalía emitido polo órgano competente no que se faga constar a necesidade de asistencia de terceira persoa, ou xustificar o destino do vehículo coa ficha técnica do mesmo, onde figurará a adaptación daquel para o transporte de persoas con discapacidade.

- b) No suposto do apartado 1.7 os interesados poderán presentar a cartilla de inspección agrícola no momento da sua alta na Xefatura provincial de tráfico, obviando así o pagamento do Imposto e a solicitud expresa de exención, sen prexuízo das facultades revisoras do Concello en materia tributaria.

A concesión de beneficios fiscais, a instancia dos suxeitos pasivos, surtirá efectos para o exercicio seguinte a aquel en que se formule a súa solicitude.

#### *ARTIGO 6.—TARIFA*

<i>1.—Potencia e clase de vehículo</i>	<i>Cuota en Euros</i>
<i>I. Turismos</i>	
De menos de 8 cabalos fiscais .....	16,64
De 8 até 11,99 cabalos fiscais .....	48,88
De 12 até 15,99 cabalos fiscais .....	106,05
De 16 até 19,99 cabalos fiscais .....	145,22
De 20 cabalos fiscais en diante .....	183,38
<i>II. Autobuses</i>	
De menos de 21 prazas .....	123,76
De 21 até 50 prazas .....	177,84
De más de 50 prazas .....	227,76
<i>III. Camións</i>	
De menos de 1.000 Kg de carga útil .....	59,28
De 1.000 a 2.999 Kg de carga útil .....	123,76
De más de 2.999 a 9.999 Kg de carga útil .....	177,84
De más de 9.999 Kg de carga útil .....	227,76



### IV. Tractores

De menos de 16 cabalos fiscales .....	23,92
De 16 a 25 cabalos fiscais .....	38,48
De más de 25 cabalos fiscais .....	119,60

### V. Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica

De más de 750 até 1.000 Kg de carga útil .....	23,92
De 1.000 a 2.999 Kg de carga útil .....	47,84
De más de 2.999 Kg de carga útil .....	119,60

### VI. Outros vehículos

Ciclomotores .....	6,00
Motocicletas até 125 cc. ....	7,00
Motocicletas de más de 125 cc até 250 cc. ....	11,00
Motocicletas de más de 250 cc até 500 cc. ....	23,92
Motocicletas de más de 500 cc até 1.000 cc .....	47,84
Motocicletas de más de 1.000 cc .....	119,60

2.—Para a aplicación das tarifas anteriores teranse en conta as seguintes regras:

- a) O concepto das diversas clases de vehículos relacionados na tarifa será o recollido no Regulamento xeral de vehículos, aprobado por RD 2822/1998, do 23 de decembro, e disposicións que o desenvolvan.
- b) Entenderase por "furgoneta" o resultado de adaptar un vehículo turismo a transporte mixto de persoas e cousas mediante a supresión de asentos e cristais, alteración de tamaño ou disposición das portas, ou outras alteracións que non modifiquen esencialmente o modelo do que se deriva.
- c) As furgonetas, vehículos mixtos, todoterreno, derivados de turismo, mixtos adaptables, mixtos todoterreno, furgoneta mixta, furgón mixto adaptable e similares destinados a transporte mixto de persoas e cousas, tributarán como turismo consonte coa súa potencia fiscal, agás nos seguintes casos:
  - c.1.—Se o vehículo está habilitado para transporte de más de 9 persoas tributará como autobús.
  - c.2.—Se o vehículo está habilitado para unha carga útil superior a 750 Kg., tributará como camión.
  - c.3.—Se o titular do vehículo estivese de alta no Imposto sobre actividades económicas, en calquera epígrafe correspondente a unha actividade que esixa ou comporte un destino preponderante de transporte de carga, tributará como camión áinda que a carga útil do vehículo fose inferior a 750 Kg.
- d) Os motocarros terán a consideración, a efectos deste imposto, de motocicletas, e, polo tanto, tributarán por cilindrada, sempre que a súa tara non exceda de 400 Kg. Noutro caso tributarán como camión.
- e) Os vehículos articulados tributarán simultaneamente e por separado, o que leve a potencia de arrastre e os remolques e semirremolques arrastrados.
- f) As máquinas autopropulsadas que poidan circular pola vía pública sen seren transportadas ou arrastradas por outros vehículos de tracción mecánica, tributarán polas tarifas



correspondentes a tractores, quedando comprendidos entre estes, os tracto-camións e os tractores de obras e servizos.

g) Os quads homologados como cuadriciclos ou como cuadriciclos lixeiros, e cunha cilindrada inferior a 50,00 cm<sup>3</sup>, terán a consideración de ciclomotores; e os non homologados terán a consideración de tractores, aplicándose a cuota que corresponda a estes según os cabalos fiscais.

3.—A potencia fiscal do vehículo determinarase de acordo co disposto no artigo 20º e Anexo V do Regulamento xeral de vehículos.

4.—Nos casos en que consten na tarxeta de inspección técnica dous valores distintos para PTMA (peso técnico máximo autorizado), e PMA (peso máximo autorizado) respectivamente, aplicarase a efectos da tarifa o valor que corresponda ao PMA indicador do maior peso en carga con que se permite a circulación.

### *ARTIGO 7.—PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO*

1.—O período impositivo coincide co ano natural agás no caso de primeira adquisición do vehículo en que comenzará o 1º día do trimestre natural no que se produce dita adquisición.

2.—O imposto devéngase o 1º de xaneiro de cada ano agás que se trate de primeira adquisición, suposto no que se devenga o día de alta na Xefatura Provincial de Tráfico.

3.—A cuota do imposto é irreductible agás no caso de primeira adquisición, baixa definitiva ou baixa temporal por subtracción ou roubo do vehículo, en que se prorratará por trimestres naturais.

4.—As alteracións no imposto consecuencia de transferencia ou cambio de domicilio, surtirán efectos para o exercicio seguinte a aquel no que se produza a alteración no rexistro de vehículos da Dirección Xeral de Tráfico.

### *ARTIGO 8.—XESTIÓN*

1.—A xestión, liquidación, inspección e recadación deste imposto corresponde ao Concello de Nigrán, sempre que o domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo pertenza a este termo municipal.

2.—Cando se trate de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación en exercicios anteriores, o imposto xestionarase mediante o sistema de padrón anual que se notificará de modo colectivo mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria. O período voluntario de cobro fixarase dentro do primeiro semestre de cada ano.

3.—Cando se trate de altas por primeira vez por seren vehículos de nova matriculación, o imposto ingresarase polo sistema de autoliquidación, con carácter previo á inscrición do vehículo no rexistro da Xefatura Provincial de Tráfico.

4.—As Xefaturas Provinciais de Tráfico non tramitarán o cambio de titularidade administrativa dun vehículo en tanto o seu titular rexistral non acredite o pago do imposto correspondente ao período impositivo do ano anterior a aquel no que se formaliza o trámite.

### *ARTIGO 9.—INFRACCIONES E SANCIÓNS*

En todo o relativo a infraccións tributarias e as súas cualificacións, así como ás sancións que correspondan, estarase ao establecido no Título IV da Lei 58/2003 do 17 de decembro, xeral tributaria, así como no RD 2063/2004, de 15 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral do réxime sancionador tributario.

*Disposicións finais*

1º.—No non previsto nesta ordenanza será de aplicación o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por R.D. Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, a Lei 58/2003, xeral tributaria e disposicións que a desenvolvan, e restante normativa de aplicación segundo a materia.

2º.—A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comenzará a aplicarse o día 1 de xaneiro do ano 2012, permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.***Capítulo 1 Feito imponible**Artigo 1.*

1. Constitúe o feito imponible do imposto o incremento de valor que experimenten os terreos de natureza urbana e que se poña de manifesto a consecuencia da transmisión da súa propiedade por calquera título ou da constitución ou transmisión de calquera derecho real de goce, limitativo do dominio, sobre os referidos bens.

2. O título a que se refire o apartado anterior poderá consistir en:

- a) Negocio xurídico mortis causa.
- b) Declaración formal de herdeiros ab intestato.
- c) Negocio xurídico inter vivos, sexa de carácter oneroso ou gratuito.
- d) Alleamiento en subasta pública
- e) Expropiación forzosa

*Artigo 2.*

Terán a consideración de terreos de natureza urbana: o solo urbano, o susceptible de urbanización, o urbanizable programado ou urbanizable non programado desde o momento en que se aprobe un programa de actuación urbanística; os terreos que disponen de vías pavimentadas ou encintado de beirarrúas e contén ademais con rede de sumidoiros, subministro de auga, subministro de enerxía eléctrica e alumeadío público; e os ocupados por construccions de natureza urbana.

*Artigo 3.*

Non está suxeito a este imposto o incremento de valor que experimenten os terreos que teñan a consideración de rústicos a efectos do Imposto sobre bens inmóveis.

*Capítulo 2 Exencions**Artigo 4.*

Están exentos deste imposto os incrementos de valor que se manifesten como consecuencia de:

- a) As achegas de bens e dereitos realizados polos cónxuxes á sociedade conxugal, as adxudicacións que ao seu favor e en pago delas se verifiquen e as transmisiones que se fagan aos cónxuxes en pago dos seus haberes comúns.
- b) A constitución e transmisión de calesquera dereitos de servidume.
- c) As transmisiones de bens inmóveis entre cónxuxes ou a favor dos fillos, como consecuencia do cumprimento de sentencias nos casos de nulidade, separación ou divorcio matrimonial.

*Artigo 5.*

Están exentos deste imposto, así mesmo, os incrementos de valor correspondentes cando a condición de suxeito pasivo recaia sobre as seguintes persoas ou entidades: